


XXIX CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS. MARATÓN DE PREGUNTAS. II CATEGORÍA. Ed. Secundaria (1º, 2º e 3º ESO)

Nome: _____ Curso: _____ Sección _____

1. Completa este pasapalabra.



Por A: Golfo onde conflúen as rías de Ares, Betanzos, Ferrol e A Coruña	Ártabro
Por B: Termo xeográfico todo ao contrario do que é unha península.	Baía
Por C: Personaxe que protagoniza en setembro a rivalidade entre Guadix e Baza.	Cascamorras
Por D: Híbrido resultado de cruzar unha vaca e un yak.	Dzo
Por E: Primeiro país do mundo en oficalizar a xornada de 8 horas para os traballadores.	España
Por F: Apelido do que Umbral cualificou como <i>Vasto, gordo, exquisito, dandy, culto e brillante</i> .	Foxa
Por G: Presidente de Brasil en 1964, deposto pola ditadura.	Goulart
Por H: Cidade que forma parte da chamada Hexápolis doria.	Halicarnaso
Por I: Decoración pictórica dun manuscrito.	Iluminación
Por K: País invadido por Iraq na chamada Primeira Guerra do Golfo.	Kuwait
Por L: Reino do millón de elefantes.	Laos/Lang Xang
Por M: País africano con maior cantidade de poboación migrante en España.	Marrocos
Por N: País que ten a única bandeira no mundo que non ten forma cuadrangular.	Nepal
Por O: Xénero ao que pertencen diversas especies de orquídeas.	Orchis
Por P: Apelido da modelo da pintura de Romero de Torres titulada <i>Tristeza andaluza</i> .	Pardo
Por R: Faraón exipcio da XIX dinastía que reinou máis de 65 anos.	Ramsés
Por S: Cámara subterránea pechada coñecida que conforma o maior espazo do mundo.	Sarawak
Por T: Nome do tifón que rexistrou oficialmente o récord mínimo de presión atmosférica con 870 hPa.	Tip
Por U: Depresión da paisaxe kárstica cando dúas ou máis dolinas próximas se unen.	Uvala
Por V: Sacerdotisas que elaboraban a <i>mola salsa</i> , de onde sae se cadra a palabra inmolación.	Vestais
Por W: Sucedeu como rei dos visigodos a Recesvinto.	Wamba
Por X: Actor de A Coruña que morreu en 1977 e que participou en máis de 200 películas.	Xan das Bolas
Por Y: Territorio que formou parte do protectorado español de Marrocos.	Yebala
Por Z: Pintor de Eibar contrapunto de Sorolla.	Zuloaga

2. Nome da rúa de Vigo onde se atopa o simpático rato da imaxe da esquerda. Nome da fonte que se atopa no termo municipal de Vigo.



Antela Conde

Fonte das Coutadas

3. Contesta a estas cuestións.

1. Pintor morto en 1973 (e non é Picasso) que decorou os camarotes do Azor, iate de Franco.	Urbano Lugrís
2. Estadio de fútbol situado a maior altitude do mundo según a FIFA.	Daniel Alcides
3. Oco semiesférico situado nunha parede que adoita albergar unha estatua.	Hornacina
4. Pico máis elevado de Marrocos.	Tubqal
5. Cantos lategazos recibiu o tolo Giorgio Vaccarini en 1702 por espicharlle unhas tesoiras no peito ao mestre do hospital de Santa María da Piedade en Roma?	50
6. Que aeroporto se atopa moi preto do CERN?	Xenebra
7. Completa este lema dos terzos españois: <i>España mi natura, Italia mi ventura, ____ mi sepultura.</i>	Flandes
8. Edificio que aparece no recanto dereito da pintura <i>O fusilamento de Torrijos</i> de Gisbert.	Convento do Carme
9. Única novela de Julio Verne ambientada en Venezuela.	O soberbio Orinoco
10. Cal destes personaxes é anterior no tempo (máis vello): Pizarro, Napoleón, Xoana de Arco ou Carlomagno?	Carlomagno
11. Estadio de fútbol que acolleu como obra de arte un bosque, a medio camiño entre o Land Art e a reivindicación ecolóxica.	Klagenfurt, Austria Worthersee
12. Que película compartiu <i>ex aequo</i> a Palma de Ouro en 1979 con <i>Apocalypse Now</i> ?	O Tambor de follalata
13. Emperador bizantino que ordeou a construción de Santa Sofía no século VI.	Xustiniano
14. Primeiro santo católico de raza negra, canonizado en 1962.	Martín de Porres
15. Localidade onde máis de 300 persoas e nenos morreron en Osetia no 2004 pola intervención do exército para liberar aos reféns dun grupo terrorista.	Beslán
16. Que teñen en común Manolo Lama, Dionisio Alcalá Galiano, <i>A Infantona</i> e Juan Valera?	Naturais de Cabra
17. A que estilo artístico asocias a catedral de Palma de Mallorca e a de León?	Gótico
18. Con que forma representa o vento Martín Chirino na súa obra de 2015 <i>O vento</i> que se atopa no museo de Arte Abstracto de Cuenca	Espiral
19. Provincia española que limita ao norte de Salamanca.	Zamora
20. Escultura celta dun guerreiro a tamaño natural feita en pedra arenisca cun par de orellas grandes e que lle faltan os pes.	Glauberg/Keltenfurst
21. Localidade de destino nunha viaxe pagada polo Estado á viuva e orfos do coronel de infantaría Ulpiano Sánchez según recolle <i>El Ejército Español</i> do mércores 28 de xullo de 1909.	La Habana
22. Termo demográfico que designa a diferenza entre a taxa de natalidade e a de mortalidade.	C natural/vexetativo
23. Século no que tivo lugar o Cisma de Oriente.	XI
24. Con que hábito pediu amortajarse a primeira española infante de mariña, a soldado estanquera, catorce días antes de morrer o 20-11-1833?	N. Señora dos Dolores
25. Nome que lle puxeron a un xove calderón que tivo que ser eutasanado ao surleste de Tenerife en 2019 por ter case seccionada unha aleta caudal pola hélice dun barco.	Hope
26. Cales destas importantes cidades é máis oriental: Tarso, Pérgamo, Antioquía ou Sínope?	Antioquía
27. Quen reinaba en España cando morreu Hokusai, o famoso artista das estampas xaponesas que tanto influíu en occidente?	Sabela II
28. Diante de que ditador sentíuse o periodista Diego Carcedo <i>como un pigmeo ameazado</i> ?	Idi Amín
29. Número de misas que encargou á súa muller García Atadell, membro do PSOE e represor fanático e corrupto no Madrid da guerra civil, antes de ser executado.	5
30. Conxunto de centros urbanos que ao espallarse quedan fusionados.	Conurbación

4. Historia, Xeografía e Arte en números...

1. Cantos kilómetros cadrados ocupa a superficie de Alemaña?	357.386 +/-
2. Cantas columnas ten o Partenón en calquera dos seus lados maiores?	17
3. Cantos maravedís custou a expedición de Solís e Pinzón de 1508 hacia México?	1.780.863
4. Cantos metros de altura acadou a onda máis alta rexistrada en 1958?	524 +/-
5. Cantos anxos hai no ceo na pintura de Giotto <i>Pranto sobre Cristo morto</i> na Area de Padua	10
6. Data da caída de Constantinopla polos turcos que marca o fin da idade media.	1453
7. Por baixo de cantos litros por metro cadrado cualifícase a un clima de árido	300
8. Cantos centímetros toma como referencia o arquitecto Le Corbusier para seu modulator en relación a altura dun home co brazo levantado?	226
9. Cantos anos pasaron dende o inicio do Trienio Liberal en España e o ano actual (2020)?	200
10. Cal era o prezo da fanega de cacao en 1747 según a avaliación da aduana de Cádiz (tasación da casa de Contratación) dos produtos coloniais importados, en pesos de prata forte?	35,2
11. Altitude da maior elevación de España.	3718
12. Por cantas moedas vendeu Xudas a Xesús segundo o evanxeo de Mateo?	30
13. Número resultante de sumar as cifras do nacemento e defunción do pintor Serafín Avendaño.	3754/37
14. A <i>nená bonita</i> , número que na lotería ten relación coa raíña Sabela II.	15
15. Número que aparece no recanto inferior esquerdo na obra do artista autista George Widener <i>Magic Square</i> do 2009 en cerámica	15